

Íón

ARGUMENTO

Apolo, despois de tomar pola forza a Creúsa, a filla de Erecteo, deixouna embarazada en Atenas. Ela abandonou o fillo que parira ao pé da Acrópole, facendo testemuña da aldraxe e do seu parto o mesmo lugar. Hermes colleu o cativo e levono a Delfos. Despois de atopalo, a profetisa criouno. Xuto casou con Creúsa. Este recibiu como agasallo o reino e a man dela por ter loitado á beira dos atenienses, mais non tivo ningún fillo. Os delfios converteron en gardián do templo o neno que criara a profetisa. Sen sabelo, estaba servindo ao seu pai...

A escena do drama ten lugar en Delfos...

PERSONAXES DO DRAMA

HERMES, *deus*

IÓN, *fillo de Creúsa e Apolo*

CREÚSA, *raíña de Atenas e esposa de Xuto*

XUTO, *rei de Atenas e esposo de Creúsa*

ANCIÁN, *servo de Erecteo*

CRIADO, *servo de Creúsa*

PROFETISA PITIA, *profetisa de Delfos*

ATENEA, *deusa*

CORO DE SERVAS DE CREÚSA

(A escena transcorre no exterior do templo de Apolo en Delfos. Aparece o deus Hermes.)

HERMES: Atlas¹, quen soporta sobre as súas costas de bronce o ceo, a antiga morada dos deuses, concibiuna deusa a Maia, quen á súa vez me pariu a min para o todopoderoso Zeus: Hermes, servidor dos deuses².
 Chego a esta terra de Delfos³, onde Febo⁴, sentado no propio embigo da terra⁵, revela oráculos para os mortais e lles profetiza presente e futuro por sempre. Hai unha cidade na Hélade⁶, non carente de sona, chamada así por Palas⁷, portadora da lanza dourada, na que Febo mantivo relacións carnis pola forza coa filla de Erecteo⁸, Creúsa, alí mesmo onde están as rochas orientadas ao norte –no propio outeiro de Palas, na terra de

1 Na mitoloxía grega, Atlas é o titán condenado por Zeus a soportar sobre os seus ombros o peso da bóveda celeste despois de ser derrotado xunto aos seus irmáns na Titanomaquia que os enfrontou coas divindades olímpicas.

2 Na mitoloxía grega, Maia era a maior das pléiades, as sete fillas do titán Atlas e a ninfa Pleione. Da unión de Maia con Zeus nace o deus mensaxeiro encargado do prólogo desta obra, Hermes.

3 Localidade grega, situada na rexión da Fócide xunto ao Monte Parnaso, famosa por albergar un dos oráculos máis célebres do mundo antigo.

4 Epíteto do deus Apolo, un dos que máis se repiten ao longo desta obra e que fai referencia á súa condición de deus sol.

5 Considerábase que Delfos, sede do oráculo antes mencionado e dun templo dedicado a Apolo, era o centro do mundo (literalmente, ὀμφαλός, ‘embigo’), e por iso ostentaba tan prestixiosa condición cultural e relixiosa.

6 Transcrición do termo grego Ἑλλάς, que identifica a toda Grecia.

7 A cidade de Atenas, chamada así pola súa deusa patroa, Atenea. Palas é un epíteto que refíre o seu risco de deusa virxe, epíteto que tamén se repite profusamente ao longo desta obra para aludir a esta divindade vinculada á intelixencia, á sabedoría ou á estratexia militar, entre outras atribucións.

8 Erecteo é un dos primeiros reis de Atenas segundo o relato mitolóxico. Existe certa controversia co seu nome, e non é infrecuente apreciar unha dualidade nas diversas fontes entre Erecteo e Erictonio (que se menciona máis adiante no prólogo de Hermes). Con todo, Eurípides resolve esta flutuación e distingue dous personaxes unidos por unha relación de parentesco, facendo a Erecteo fillo de Erictonio.

Atenas— que os reis da Ática coñecen como Longas. Ás 15
 agachadas do seu pai —dado que así o quixo o deus—
 levou o vulto no seu ventre. Chegado o momento,
 despois de parir na casa, Creúsa levou o meniño aca-
 bado de nacer xusto á mesma cova na que xacera co
 deus e deixouno abandonado para que morrese nun 20
 cesto fondo e redondeado con esmero, preservando o
 costume dos seus devanceiros e de Erictonio, nado da
 terra⁹. A filla de Zeus¹⁰ dispuxo como gardiáns para
 que o vixiasen dúas serpes, e entregóullelo ás doncelas
 de Aglauro¹¹ para que o salvasen. De aquí procede o 25
 costume dos descendentes de Erecteo de criar os fillos
 con serpes de ouro¹². Entón, Creúsa púxolle ao meniño
 os adornos que tiña como doncela e abandonouno para
 que morrese. Pero Febo, que é o meu irmán, suplicou-
 me o seguinte: “Irmán, vai onda o pobo autóctono da 30
 ilustre Atenas —xa que coñeces a cidade da deusa—, colle
 o meniño que acaba de nacer das cóncavas rochas e,
 xunto co cesto e os cueiros nos que está envolto, lévao
 ao meu oráculo de Delfos e colócao na mesma entrada

9 Segundo algunhas fontes, Erictonio e Erecteo serían un mesmo personaxe mitolóxico, mais, como xa se avanzou na anterior nota, Eurípides realiza unha distinción e dá a entender que Erecteo é descendente de Erictonio. Segundo a narración do mito fixada por Apolodoro (III, 14, 6), Erictonio tería nacido directamente da terra fecundada co seme que Hefesto exacula sobre a perna de Atenea ao intentar violala e que a deusa limpa con desgusto e tira ao chan. A propia Atenea recolle a Erictonio, depositao nun cesto e confíallo a Pándroso, filla de Cécrope (o primeiro rei mítico de Atenas), baixo a terminante condición de que non o abra. Porén, vítimas da súa propia curiosidade, as irmás de Pándroso abren o cesto e descubren unha serpe que protexe a criatura. Esta serpe causa, segundo algúns, a súa morte inmediata, e, segundo outros, unha tolemia que fai que se precipiten ao baleiro dende o alto da Acrópole.

10 A deusa Atenea.

11 Aglauro é a esposa do rei Cécrope e nai das mozas que se fan cargo do cesto que contén o pequeno Erictonio.

12 Refírese a unha alfaia ou amuleto que trataría de emular o poder protector da serpe que estaba no cesto de Erictonio.

do meu templo. Do resto –pois é o meu fillo, como 35
debes saber– encargareime eu.” Entón eu, por conce-
derlle esta graza ao meu irmán Loxias¹³, saquei o cesto
trenzado, leveino e puxen o neno sobre os alicerces
deste templo, desenvolvendo o curvado bordo do cesto 40
para que se vise o cativo. E entón a profetisa entrou no
templo do deus ao mesmo tempo que a órbita do sol
na súa cabalgadura. Despois de botarlle unha ollada
ao meniño, abraiouse de que algunha moza de Delfos 45
fose quen de abandonar no templo do deus o secreto
frito dun parto, e estaba decidida a botalo fóra do
recinto sagrado. Mais, por compaixón, abrandou a súa
crueldade –e o deus foi cómplice do meniño para que
non fose expulsado do templo– e, tras collelo, criouno. 50
Sen saber que Febo era o seu proxenitor, sen saber da
nai da que naceu e sen saber tampouco o cativo quen
eran os seus pais. Sendo un neno, percorría xogando
todos os recunchos do altar no que se criou. Cando o
seu corpo tornou no dun home, os habitantes de Delfos
fixérono gardián do tesouro do deus e administrador de 55
confianza de todos os seus bens, e ata hoxe leva aquí no
templo do deus unha vida venerábel. Por outra banda,
Creúsa, quen concibiu o mozo, casou con Xuto nas
seguintes circunstancias: houbo entre Atenas e os calco-
dóntidas¹⁴, que habitan na terra de Eubea¹⁵, unha con- 60
frontación bélica. Por terse unido aos primeiros e por
terlles axudado a gañar coa súa lanza, recibiu a honra

13 Epíteto do deus Apolo que fai referencia á ambigüidade das profecías xurdidas dos seus oráculos (Λοξίας significa literalmente ‘oblicuo’). Este epíteto é, xunto con Febo, un dos que máis se repite ao longo desta obra para aludir ao deus.

14 Refírese aos habitantes de Eubea, que descenderían de Calcodonte. Este era, ademais, pai de Elefenor, coñecido por ter sido pretendente de Helena de Troia e logo líder dos abantes (un dos pobos de Eubea) na guerra contra Troia.

15 Illa grega situada fronte á costa oriental do mar Exeo.

de casar con Creúsa, malia non ser un nativo, senón un
 aqueo fillo de Eolo¹⁶, fillo de Zeus. Despois de intentar
 achegar descendencia ao matrimonio durante moito
 tempo, el e Creúsa aínda seguen sen ter fillos. Por todo 65
 isto, viñeron a este oráculo de Apolo, debido ao seu
 devezo por ter descendencia. Loxias conduciu o seu
 destino ata aquí e nada lle pasa desapercibido, como se
 cre. En efecto, entregaralle o seu fillo a Xuto, cando este
 se presente ante o oráculo, e diralle que foi concibido 70
 del, para que, cando vaia á casa da súa nai, sexa reco-
 ñecido por Creúsa. Deste xeito, as relacións de Loxias
 tornarán nun segredo e o fillo obterá o que lle pertence. 75
 Coñecerase en toda a Hélade polo nome de Ión, fun-
 dador de colonias na terra asiática¹⁷. Mais agora irei á
 cova, cuberta de loureiro, para pescudar o que vai acon-
 tecer co rapaz. Vexo saír o fillo de Loxias, que se dispón
 a adornar con pólas de loureiro as brillantes portas sitas 80
 fronte ao templo. O nome ao que está destinado, Ión,
 eu son o primeiro dos deuses en pronuncialo.

(Sae Hermes. Entran Ión e outros servos do templo.)

IÓN: Resplandece o carro tirado por catro cabalos, brilla
 Helio¹⁸ xa sobre a terra e as estrelas foxen do lume do

16 A alusión a Eolo xera non poucas confusións entre diversos personaxes da mitoloxía grega, pois podería tratarse tanto do deus do vento que aparece na *Odisea* homérica como dun dos fillos do deus Poseidón e Melanipa, por exemplo. O máis probábel é que Eurípides se estea a referir a Eolo, fillo de Helén (heroe que dá nome á Hélade e fillo, á súa vez, de Deucalión e Pirra) e a náide Orseide. Malia todo, o noso autor tráxico converte a Eolo en pai de Xuto, chocando coa tradición que o considera irmán deste. En calquera caso, o propósito de Eurípides non é outro que o de fornecer a xenealoxía de Xuto, quen non deixa de ser un estranxeiro desposando a filla dun rei autóctono de Atenas. Deste xeito, estaríalle atribuíndo unha liñaxe nobre e respectábel que compensaría esta circunstancia.

17 Eurípides plasma nesta traxedia un mito etiolóxico que explicaría o xurdimento do pobo xonio, sendo Ión o seu heroe epónimo.

18 Titán que personifica o Sol.

éter ata a sagrada noite. Os impenetrábeis cumios do 85
 Parnaso reciben a luz do día e acollen a roda solar para
 os mortais. O fume da mirra seca voa cara aos teitos
 de Febo. A muller delfia senta nun divino trípode, 90
 recitando aos gregos os oráculos que Apolo lle dita.
 Mais, oh servos delfios de Febo, dirixídevos cara aos
 remuíños prateados de Castalia e, logo de regarvos 95
 co seu puro resío, marchade cara ao templo. Gardade
 un piadoso silencio con boca favorábel. Amosade nas 100
 vosas linguas boas palabras aos que desexan consultar
 o oráculo¹⁹. Eu, pois é un traballo no que dende cativo
 sempre me esforcei, deixarei limpo e ornado o altar de
 Febo con pólas de loureiro e coroas sagradas, e hume- 105
 decerei o chan con pingas de auga. E ás bandadas de
 aves que deterioran as sacras ofrendas fareinas fuxir co
 meu arco e as miñas frechas. Eu non teño pai nin nai, 110
 e sirvo a este templo de Febo que me criou.

Estrofa

Vamos, oh loureiro fresco e fermoso ao servizo do
 templo, que varres o altar de Febo dende os inmortais 115
 xardíns, onde o resío sagrado empapa nun río sempre
 fluente a sagrada follaxe do mirto. Contigo varro o chan 120
 do deus durante todo o día, co rápido voo do sol, cum-
 prindo cos meus cometidos cada día. Oh, Peán! Oh, 125
 Peán!²⁰ Ventureiro, ventureiro sexas, oh, fillo de Leto²¹!

19 Ión explica aquí algúns dos aspectos fundamentais do ritual propio da consulta ao oráculo. Afirmo que a Pitia xa está preparada no lugar correspondente, o trípode situado ao fondo do santuario, para entrar en contacto coa divindade que lle recita os oráculos e lembra aos que acoden a Delfos que deben purificarse na fonte Castalia antes de acceder ao recinto.

20 Epíteto referente á faceta curadora de Apolo.

21 Zeus seduce a Leto, filla dos titáns Ceo e Febe, e con ela concibe a deusa Ártemis e o deus Apolo. Como sucede en practicamente todas as relacións de Zeus, a deusa Hera converte a Leto no albo das súas iras pola infidelidade de Zeus. Por